

Esquema orientativo para o comentario das cantigas

1. IDENTIFICACIÓN DA CANTIGA (*talho*).

- **Xénero:** PROFANA (amigo, amor, escarnio ou maldizer) ou RELIXIOSA (Cantigas de Santa María). Para identificar o xénero amoroso, indicaremos se a voz poética se corresponde cunha muller (amigo) ou un home (amor), e se aparecen as palabras clave: “amigo” ou “amado” (amigo) ou “senhor” (amor). En xeral, trátase de avanzar minimamente o contido do texto pero sen analizar a fondo o tema e os motivos temáticos.
- **Subxénero das cantigas de amigo:**
 - Bailadas: Expresan a alegría de vivir e incitan ao baile
 - Mariñas ou barcarolas: aparece o mar personalizado.
 - De romaría ou santuario: ambiente das festas campestres a carón dunha ermida
 - Albas ou alboradas: A moza queixase da ausencia do amado durante a noite, ou de querer atopalo na alba.

2. PLANO DO CONTIDO

- **Tema (idea central).** O refrán ou a fiinda soen encerrar esa idea central.
- **Estrutura do contido ou “argumento”:** trátase de resumir brevemente o que se “conta”. Polo xeral, son textos moi repetitivos que a partir dunha idea inicial apenas introducen ideas novas. Débese ter en conta que presentan:
 - Un significado primario ou literal: argumento.
 - Simbolismo ou significados secundarios.

Tamén se comenta aquí se o texto presenta a forma de monólogo ou diálogo, o que nos permite identificar os personaxes.

NOTA: para a confección destes dous primeiros apartados tedes que xustificar sempre os motivos polos que chegades a esta ou outra conclusión, fixándose nos elementos vistos: quen “fala”?; palabras clave (amigo, senhor, medida, coita, descrición física e psicolóxica da dama...); personaxes característicos de cada xénero (nai, amado, pastor...); símbolos (cervos, auga, mar, vento, etc.).

3. PLANO DA FORMA

- **Forma externa:** atendendo á ausencia ou presenza de refrán, hai:
 - cantiga de refrán: o seu elemento característico é o estribillo, retrouso ou *refram*. A orixe é popular. É frecuente sobre todo nas cantigas de amigo.
 - cantiga de mestría: acostuma ter catro estrofas co seguinte esquema métrico: abbacca, abbacbb, ababcca, ababccb. Carece de refrán. Utilízase sobre todo nas cantigas de escarnio e maldizer e nas cantigas de amor. Teñen a súa orixe na poesía dos trovadores provenzais.
- **Descrición:**
 - Número de estrofas (*cobras* ou *coblas*) e número de versos (*palavras*) de cada unha.
 - Cómputo silábico: compútase ata a última sílaba tónica do verso (cómputo italiano).
 - Rima: Esquema (ABBA, ABAB,) e tipos:
 - segundo o acento: *macho* (aguda) ou *femía* (grave). A rima macho recibe o nome de rima perfecta. Normalmente aparecen mesturadas.
 - segundo a repetición da sílaba final: asonante - consonante.
 - Se un verso libre queda libre fálase de *palavra perduda*,
 - Tipos de estrofas. En virtude da rima, poden ser:
 - unisonantes: repiten a mesma distribución da rima en todas as cobras.
 - singulares: cambian de rima dunha cobra a outra, se o fan de dúas en dúas son *cobras doblas*.
 - alternas: riman as pares coas pares e as impares coas impares.
 - Recursos formais.
 - Paralelismo: imperfecto, paralelismo perfecto (leixapréen) e refrán.
 - Procedementos de ligazón interestrófica (a cantiga de amor é máis complexa cá de amigo):
 - Dobres: repetición dunha mesma palabra na mesma posición nun verso.
 - Mordobres: repítese o lexema
 - Atafiindas: unión entre estrofas, onde o sentido dunha continúa nas seguintes.
 - Fiindas: os versos finais da atafiinda, que é unha especie de conclusión.